



“Faime lume, Flora
polo vertedeiro,
se non me conoces
eu sonch´o ferreiro”.

“Si é-lo ferreiro
sube pó sobrado,
comera-lo caldo
/:no medio ferrado:/
e a cunca dentro”.

“Dime ti, rapaza,
/:o teu pensamento:/
o meu palomar-e,
esas palomitas
non son de olvidar-e”.

Miña nai a maila túa
quedan no río berrando,
/:por culpa dunha ghalíña
que tén amores co ghalo:/

Unha vella dixo a i-outra,
polo burato da porta:
ti ghiberna a túa vida,
a miña nada ch´importa.

Unha vella da Mariña
cun peido matou a un burro
¡ai que demonio de vella,
qué forza tiña nel culo!

Unha vella moi velliña,
vella como o meu chapeu-e;
trazáronll´o casamento,
ela ergheu as mans ó ceu-e.

/:Cara de sacho queimado:/,
os dentes da túa boca,
a chavella do meu carro.

O que non canta nin baila
que vai buscar á ruada,
deprender cuatro mentiras



para contar na semana.
/:Hai ruada no pallote:/
moito ll'está o bailar-e
ós mociños de bighote.

A miña muller morréume,
enterreina no valado,
cando paso por alí-e
chóscoll'ó ollo de lado.

A miña muller morréume,
enterreina no palleiro,
deixéille un braciño fóra
para tocar o pandeiro.

A miña muller é vella,
de vella saquéill'ó coiro,
/:hei de facer un pandeiro
para corre-lo antroido:/

O caravel cando nace
tén a folla revirada
que lla revirou o aire
cunha mañán de xiada.

O caravel cando nace
chámanlle caraveliño,
tamén os fillos do cura
chámanlle ó pai señor tío.

/:Caravel, caraviñol-e:/
o día que eu non te vexo
para min non rai'ó sol-e.

Tén un caravel na i-horta,
unha rosa na cortiña,
o caravel non val nada,
a rosa é moi bonitiña.

Ven bailar Carmiña,
Carmiña, Carmela,
ven bailar, Carmiña,
/:a mais trae á nena (x3),
ven bailar Carmiña,
Carmiña, Carmela.

/:Carmiña, Carmela:/,
zapatiño baixo
/:e media de seda (x3),

/:Carmiña, Carmela:/